

LA



CO  
M



I  
N  
O



S



WUSA

# Sumario

• <i>Editorial</i>	2
• <i>Os maíos</i>	3
• <i>Día das Letras Galegas</i>	4
• <i>Visita á Biblioteca Luis Seoane</i>	7
• <i>Somos Policías</i>	9
• <i>Isto está que arde</i>	12
• <i>Somos Superheroes</i>	13
• <i>Horto escolar</i>	15
• <i>A árbore das lembranzas</i>	20
• <i>Debuxo olímpico</i>	21
• <i>Os animais cantan</i>	23
• <i>O cross</i>	24
• <i>A biblioteca</i>	25
• <i>Gobernamos por un día</i>	26
• <i>Actividades de 4º</i>	27
• <i>Obradoiro de matemáticas</i>	31
• <i>Visitamos a ENKI</i>	32
• <i>Xincana das Letras Galegas</i>	33
• <i>Luísa Villalta</i>	34
• <i>Mercadillos</i>	35
• <i>Polos creativos</i>	36
• <i>Pontenciencia</i>	39
• <i>A nosa experiencia na Galiña Azul</i>	41
• <i>Contamos cos maiores</i>	42
• <i>Actividades Relixión</i>	44
• <i>Mediación</i>	46
• <i>Igualdade</i>	47
• <i>Arts</i>	53

Alguns traballos presentan incorreccións lingüísticas propias das idades dos alumnos e alumnas. Aínda sendo comentadas e explicadas polo profesorado responsable, non foron corrixidas, respectando na maioría dos casos a presentación orixinal.

O EDLG

*“Non sempre os máis altos chegan máis arriba, non sempre os máis rápidos chegan antes, non sempre os máis fortes son os que gañan a batalla. Pero os que máis entrenan, máis se esforzan e máis cren no equipo son os que máis veces conseguirán a vitoria.”*

Son o número 39 da revista Alumiños e, con esta frase de Pau Gasol, dou a despedida a este curso 23/24 e a benvida aos Xogos Olímpicos de París, temática do proxecto de centro deste curso: “Ponte coas Olimpíadas”.

Os nosos alumnos e alumnas tamén foron uns deportistas de élite, entrenaron todo o curso para subir ao podio, con esforzo, respecto, traballo en equipo, compañeirismo...

Este ano, no Día das Letras Galegas, homenaxeamos a Luísa Villalta, unha grande profesora e escritora. Tamén é grande a profesora Alejandra que este curso de despide de nós. Agradecemos a todos o que nos transmitiu e desexámoslle moita sorte no novo destino.

Tamén toca despedir ao alumnado de 6º de Educación Primaria, para eles a aventura comezou aquel día que os recibimos con alegría, pero agora deben xogar noutra liga. Sorte, tamén, para a nova etapa que os agarda.

Sen máis, desexarvos un bo verán e desfrutade dos traballos que recollen as miñas páxinas!



O S M A I O S



BA NDEI  
R A S



FL O R E S



O  
M A I O

A N O S A


F O T O

# AS LETRAS GALEGAS



FIXEMOS OS EQUIPOS

LEMOS AS PREGUNTAS



BUSCAMOS AS RESPOSTAS




MONTAMOS OS QUEBRACABEZAS


MONTAMOS O MURAL



OBRAS DE OUTROS  
LETRAS GALEGAS



INFANTIL



3, 4 E 5  
ANOS



ALUMINOS



1º E 2º

LEGOS

3º E 4º



CHAPAS



♥ ♥ ○ ○ ○ +

5º E 6º



PRIMARIA

# VISITA Á BIBLIOTECA

FOMOS A BIBLIOTECA DE ARCADE



MAI ERA  
MOI  
CHISTOSA.

CON TOVINDOS

O CONTO "A PANASSA DAS BRAGAS  
ROTAS!". A PROFE MARINA

CA FULLE  
UN DEVO.

TAMÉN VIXÍA



CONTOV A HISTORIA DE



"A CACA  
CUEA"



LIMOS  
UN MOTÓN  
DE  
CONTOS.



MIRAMOS LIBROS DE



LUISA  
VILLALTA  
BEN

PASÁMULO MBI



VOLVIMOS  
ANDANDO.

# SOMOS POLICÍAS!

HOXE VIÑE RON DUAS  
POLICÍAS AO COLEXID



PUXERON  
UN VIDEO  
DECINDO  
COMO ERA  
O SEU TRAXE.

A GORRA SOAMENTE TÊMEN  
QUE POÑELA SE NON HAI TEITO.  
LE VAN SEMPRE UN WALKY-TALKY

TÍAN  
UNHAS  
ESPOSAS  
CUNHA



CHAVE PARA OS LADRONS.  
TAMÉN TÍAN UN ARMA,  
PERO NON A ENSINARON.



• UBIMOS DENTRO DO COCHE DE POLICIA



O QUE MAIS NOS GUSTOU FOI

O COCHE  
DE  
POLICIA



E A  
SEREA  
CON  
LUCES.




FIXEMOS UN CARNE DE POLICIA



DEBUXAMOS

O COCHE  
DE  
POLICIA



ISTO ESTÁ QUE ARDE!



OS CATIVOS E  
CATIVAS DE  
INFANTIL  
COA VISITA DE  
PAULO, O PAZIÑO  
DE MANUEL, QUE  
É BOMBEIRO, QUE  
DERON MOITAS  
COUSAS.



FOI MOI DIVERTIDO!

# SOMOS SUPERHEROES

O ALUMNADO DE 4 E 5 ANOS PARTICIPOU NUNHA ACTIVIDADE DE EDUCACIÓN EN VALORES COA EXPOSICIÓN "SUPERHEROES DE VERDADE" DE MANV UNIDAS.

AO SUPERAR UNS RETOS DESENVOLVERON OS VALORES DA XENEROSIDADE, A SOLIDARIEDADE E O RESPECTO AOS DE MAIS E AO PLANETA.





AO REMATE DE  
CADA RETO RECIBÍAN  
UNHA PEGATINA COA  
INICIAL DO SUPERPODER  
CONSEGUIDO.



CONVERTÍNDOSE EN  
SUPERHEROES.



## HORTO ESCOLAR

Este curso os nenos e nenas de 1º de primaria traballamos a horta.

Tivemos a sorte de contar co noso amigo Aquilino que ensinounos moito de que verduras plantar tendo en conta da época do ano na que estivesemos.



Ficamos un pouco e puxemos as patatas separadas cos brotes para arriba.



O primeiro que plantamos  
foram os chicharos e os  
tirabegues.

Unhas semanas  
máis tarde  
plantamos cebolas,  
remolachas,  
patacas, leitugas  
e cabazas.



Cando as leitugas estiveron  
listas para comer, decidimos  
facer unhas ensaladitas  
para merendar.

Fumos o campo e  
arriscamos as  
leitugas que  
estaban máis  
grandes.



Despois as limpamos para  
quitar os restos de terra  
e tamén sacar algunha lesma.



E por último  
fixámos as ensaladas.



Tamén recollemos os  
chicharos para facer  
outra receita.



O seguinte paso foi sacar  
dos vainas os chicharos.  
Foi moi divertido !!




E por último convertímonos  
en cocineros e cocineiras.



Elxemos chicharos con  
tamón para merendall.



# A ARBORE DAS LEMBRANZAS



Neste curso em 2º  
traballamos o libro "El-  
árbol de los recuerdos"

e fixemos unha árbore  
das lembranzas con



follas en forma de

Corazón nos que delixeron

Situacións, mascotas e persoas

que non queremos esquecer e



que queremos manter na nosa

memoria

# DEBUJO OLÍMPICO CREATIVO

Dentro del proyecto de este curso sobre las olimpiadas, en el área de plástica trabajamos el dibujo creativo en el que a partir de trazos dados tenemos que hacer dibujos relacionados con las olimpiadas y quedáronnos cosas chulísimas !!





a tu dibujo

# OS ANIMAIS CANTAM

Fomos ao teatro  
musical toda a primaria:

Foi mais divertido graças  
aos autores que o fizeram  
mais bem.



Havia uma pantofla  
xigante com formas  
de animais e muitas  
cores..



O espaço era grande  
e havia uma banda de  
música mais boa.



CROSS

Os alumnos de primaria, participamos na carreira do cross escolar. Empezamos a carreira, saímos mal pero conseguimos remontar.



Chegou Mateo de primeira logo Martin e de terceira Brea. En feminino Malia quedou 3º.

Despóis deron as medallas e clasificamonas para outro cross

Nese cross non conseguimos gañar ningún e ao acabar deronnos mazás e auga.

Pero non pasa nada que non gañemos. A próxima vez conseguiremoslo!



Fin

# A BIBLIOTECA

O alumnado de 3º foi á biblioteca de Arcade. Contáranos dous do caso Luca e 1 da vella que non tiña cores no seu país.

Despois deixáranos ler contos, e lendas que tiñamos cuné.

Tamén ensináranos a biblioteca e dixerónnos como funciona.

Tamén a Nuno e a Axón deronlle a biblia para ver cantos páxinas tiña. A parte vimos libros de videostegos e de youtubers, por exemplo de Arta game.

Tamén vimos libros de homenaxados dos Letras Galegos.



# GOBERNAMOS POR UN DÍA!

O alumnado de 3º e 4º fomos á Deputación de Pontevedra e fixemos unha votación nos asentos da Deputación.

Despois fomos ao despacho de Luis López, o Gobernante da Deputación e firmamos un papelino.

E por último fomos a unha sala onde había retratos dos antigos Gobernantes da Deputación. As retratar déronnos un agarallo.



# Actividades de 4º

Este curso o alumnado de 4º participou nun montón de actividades nas que aprendemos moitas cousas.

Aí tendes algunhas delas!

## Exposición dos traballos sobre o Sistema Solar



## Recital de Poesía Galega

Escollemos,  
memorizamos e  
aprendemos a  
recitar poesías



**Anuncios** - En equipo creamos un produto e despois intentamos comercializalos creando un slogan, canción e incluso baile!



**Mural  
pinturas  
rupestres**



## Exposición sobre as Olimpíadas

Ao longo do curso aprendemos a buscar, escoller, resumir, traducir e redactar información sobre as Olimpíadas, elaboramos un Power Point con toda esa información e contámoslla ao resto do cole percorrendo as diferentes aulas e a través da radio escolar na sección “Sabías que...”




## Pasámolo



# OBRA DOIRO DE MATEMÁTICAS



Ao longo do curso, tivemos un obradoiro de matemáticas os grupos de 5º e 6º no que aprendimos un montón de cousas sobre a materia. As mozas chamábanse Lucía e Raquel, e con elas practicamos as translacións, fixemos un GIF, calculamos medias e probabilidade con vasos, dados e moedas... Tamén traballamos cos programas de Libre Office Calc, Scratch, Geogebra... Viunos moi ben para repasar e estudar para os exames!





# VISITAMOS A ENKI

O día 7 do mes de marzo os/as nenos/as de 4º, 5º e 6º de E.P. do CEIP Ponte Sampaio foron de visita ao pabillón do Centro de Tecnificación de Pontevedra. Alí entregáronnos varias tarxetas de cores e, por equipos, realizamos deportes enfocados a persoas con diferentes discapacidades: goalball, con fendas nos ollos; boccia, que se asemella á petanca; circuitos, pin-pon e tenis en cadeira de rodas; judo para persoas con discapacidade visual...

Chegamos á conclusión de que as persoas con discapacidades tamén poden facer deportes adaptados ás súas discapacidades, dando lugar a deportes moi creativos.

En resumo, fixemos un montón de actividades, pero as nosas favoritas foron o goalball, o judo e os percorridos en bicicleta.



# Día das Letras Galegas

O pasado 15 de maio celebramos no colexio o día das Letras Galegas organizando unha xincana. Estes foron os pasos a seguir:

1. Facer os equipos segundo os debuxos dos colgantes. Fixéronnos moita graza porque eran caramelos de froitas!

2. Responder as preguntas sobre Luísa Villalta, que aparecían nos diferentes carteis do cole.

3. Completar o crebacabezas que representaban as portadas dos libros, fotos da escritora...

4. Pegalos no mural titulado: "A librería de Luísa".

5. Comer os sugus. Había de todos os sabores!

6. Participar no sorteo de libros, nos que saíron un montón de gañadores/as.

Foi un día moi entretido.



# LUÍSA VILLALTA

LUÍSA VILLALTA NACEU NA CORUÑA O 15 DE XULLO DE 1957. ESTUDOU FILOLOXÍA NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Rematou os seus estudos acadando a especialidade de Galego-Portugués

Foi profesora de Lingua e Literatura Galega en varios institutos coruñeses

ESTUDOU VIOLÍN NO CONSERVATORIO DA CORUÑA

Formou parte da Orquestra de Santiago de Compostela e da Xove Orquestra de Galicia

DESENVOLVEU UNHA INTENSA ACTIVIDADE CULTURAL. COMO ESCRITORA FOI AUTORA DE OBRAS DE TEATRO, NARRATIVA, ENSAIO, POESÍA...

@Peter Kuper

FALECEU NA MADRUGADA DO 6 DE MARZO DE 2004

Os seus restos repousan no cemiterio coruñés de Santo Amaro

Pola súa contribución á lingua e cultura de Galicia, a Real Academia acorda adicar o Día das Letras Galegas 2024 a Luísa Villalta.

# MERCADILLOS 6º EP

O alumnado de 6º planificamos uns "mercadillos" durante o curso de cara recadar cartos para a excursión final de etapa. Nestes vendíamos artesanía feita por nós, artigos por catálogo e bocadillos.

Os mesmos leváronse a cabo nas distintas conmemoracións e no recreo. Ao final, o traballo realizado dou o seu froito e conseguimos os cartos necesarios para levar a cabo a excursión final de curso que este ano consiste en 3 días nun camping do Grove. Grazas a todos por axudar!



# POLOS CREATIVOS

Este curso escolar o centro está inmerso nun proxecto da consellería de educación titulado "Polos Creativos", a través do cal recibiremos (nos próximos 2 anos) distintas ferramentas e recursos (pezas de legos, magnetis, geoformas, radio escolar, lápis e impresora 3D, cortadora láser, cromas...

De momento non temos os materiais, pero fomos solicitando préstamos dos mesmos, para ir familiarizándonos con eles e poder ir traballando nalgúns proxectos.

Alguns tamén os comprou o propio centro, como foron: os robots (COC) e a máquina de chapas.

Unha mostra do que traballamos con eles foi:



Radio escolar:

- Nesta ocasión o alumnado do 3º ciclo e os nenos de 3 anos gravamos un programa adicado a escritora Luísa Villalta, a homenaxeada deste ano polas Letras Galegas. Nel traballamos distintas seccións, entre elas: Por que se conmemora este día? Escritores galegos homenaxeados, Coloquio sobre a vida e obra da escritora Luísa e rematamos cun recitado de poemas dunha da súa obra.



- Anuncio de bocadillos de 6º, levado a cabo por alumnos de 5º de EP.
- Sección "Sabías que..." sobre as olimpíadas feito polo alumnado de 6º en proxecto competencial.

Máquina de chapas:

- Chapas polo día das Letras Galegas e o día de pi.




Robótica:

O alumnado 1º e 2º ciclo nas distintas conmemoracións tiveron que darlle ordes ao robot para chegar a distintos puntos do taboleiro.



Legos, Magnetics e Geoformas

Construcións de máquinas simples e compostas polo alumnado de 3º ciclo. E iniciación as construcións polos nenos/as de infantil.



## ALUMNOS

Nova metodoloxía no alumnado de infantil.

Atendendo a diversos contextos dividimos o alumnado en 4 grupos heteroxéneos rotativos, onde ponet en práctica os recursos de polos creativos. Isto levase a cabo nunha sesión o martes.

Estes contextos son:

- Automatizando: neste traballase o ciclo da vida das plantas, coidado e uso. Realizando polos nenos un xardín vertical de plantas aromáticas e medicinais. Levando rexistro de todo o traballado nun caderno de campo (elaborado por eles mesmos).



- Artellando: potenciase a motricidade fina e a creatividade a posta en práctica de distintas técnicas artísticas empregando recursos como legos, lápices 3D e materiais de refugallo.



- Construír: nel traballase a organización especial, a lateralidade...  
Exemplos construcións con geoformas, instrución a un robot...  
Laboratorio: preténdese chegar ao alumnado ao método científico e a STEM con experimentos cotiáns.



# PONTENCIENCIA

Este ano os alumnos/as de 6ºEP fomos un ano máis a Pontenciencia, na facultade de Enxeñaría Forestal. No certame deste ano presentamos un proxecto de investigación baixo o título "O ecosistema monetario dos microorganismos."



Dúas alumnas presentaron o proxecto ante un xurado (profesores da universidade) e logo, por guerdas de dúas persoas, o resto do alumnado fomos pasando stand e facendo esa mesma exposición ao resto de visitantes. Durante esta xornada disfrutamos de distintos obradoiros e charlas como:  
Mulleres na Ciencia, Fauna Mariña, Elaboración de xabón.



## ALUMINOS

O día seguinte foi a entrega de diplomas no que obtivemos o 4º lugar.



Esta experiencia foi moi boa para nós, xa que aprendimos moito sobre o método científico, as bacterias, sistemas de cultivo, a redacción dun informe de empírico e sobre todo desenvolvemos en público.

Como nos gustou moito esta actividade quixemos repetir e apuntámonos por primeira vez a feira científica de Soutomaior, na que obtivemos o primeiro premio que consiste nunha estancia de 3 días na feira científica de Cambre (A Coruña) que nos fixo moita ilusión.



# A NOSA EXPERIENCIA NA GALIÑA AZUL

O pasado **venres 5 de abril** os voluntarios/as de biblioteca do cole tivemos unha excursión moi chula: fomos á Escola Infantil **Galiña Azul** de Soufomaior, Alguís xa coñecían o edificio porque estudaranos alí os primeiros cursos de Infantil.

Uns de nós lemos contos por parellas. Eu estaba moi nerviosa porque levo feitas poucas lecturas con público. Pero non podía defraudar aos pequenos e quería que os profes quixeran que volueramos para o ano que ven. Ao final todo saíu ben. Cando todos rematamos de ler ensinamos os moniqueques que utilizáramos, e os nenos da clase 1-2 anos ensináronos a súa clase.

Foi unha experiencia marabillosa e recoméndolla a todos/as estas futuras/os voluntarios/as, xa que se vive unha experiencia inesquecible que sempre se leva no corazón.

Ardaís Mariño



## CONTAMOS COS MAIORES

O venres 5 de abril os alumnos de 5º e 6º fomos de voluntariado ao Centro de maiores (Boas Apertas) na que nós e os señores maiores xogabamos todos xuntos.

Para comezar dividíronnos en distintos grupos e en diferentes xogos.

Os xogos que había eran:

Facer un percorrido coas persoas maiores



Darlle cunha pelota a unha campá.

O primeiro venres de abril o alumnado de 6º e 5º de primaria, fixemos unha saída a o Centro de Día "Boas Apertas". Estivemos facendo actividades coas persoas maiores. A 1ª actividade que había que realizar era unha carreira na que tiñamos que axudalos e su-

xeitalos ata chegar a meta e volver.

O 2º xogo era de equilibrio, consistía en pasar por unha liña sen saírse.

Na 3ª actividade había que tirar uns aros a uns paus e intentar meter os aros. A seguinte actividade era un pequeno recorrido, no que había que saltar. Despois tivemos que tirar uns globos cheos de fariña, e o que caíra máis cerca da raia gañaba.

E a 6ª e última actividade consistía en tirar uns balóns, e tentar que lle dera a unha campá que estaba colgada. A o acabar as actividades collemos os





globos cheos de fariña e nos los explotamos, foi moi divertido! E enchémonos de fariña ata as orellas. Despois deronos uns trofeos xa que todos fomos gañadores. A continuación disto, despedímonos de todos e tomamos rumbo cara ao colexio.

### **Celia e Tati**

Ao chegar a Talo Rio merendamos e axudamos a colocar as cadeiras. Logo nos explicaron como era cada xogo, e a xogar. En total había 6 xogos, nos que os maiores tamén podían participar, o primeiro consistía nunha carreira na que tiñamos que ir ata unha marca azul, volver e darlle a man a un avó, despois, noutro; tiñamos que tirar uns globos cun pouco de fariña ata chegar a unha liña, no terceiro había que pasar por unhas picas colocadas nos buratos dos conos sen tiralas, logo, un que nos gustou moito, consistía en tirar unha pelota e facer soar unha campá, no penúltimo había que camiñar por unha liña sen pisar o chan e volver, para finalizar, e xogo que mais nos gustou en xeral; tiñamos que tirar uns aros e encestar nuns paus de cartón; foi moi divertido e pasámolo moi ben xogando xuntos. Ao rematar axudamos a recoller, e, como sobaban globos cheos de fariña; rebentamos os globos e manchámonos todos coa fariña de dentro. Despois tiñamos que recollelo, pero iso non importa, o importante e que o pasamos moi ben.

Xa case á hora de irnos colocámonos todos para unha foto e nos deron un trofeo, porque todos e todas somos gañadores. Logo pasamos polo parque 15 minutos e fomos camiñando ata o colexio.

### **Eloy e Alba**



## CONCURSO CURTAMETRAXES “CON ‘B’ DE BENESTAR”

Unha vez máis o alumnado de 5º e 6º de E.P de Relixión animámonos a participar no Concurso de Clipmetraxes da ONG Mans Unidas. O tema sobre o que tiñamos que traballar levaba por título “*Persoa tamén se escribe con B de Benestar*”.



Despois de Nadal e durante varias semanas quedamos a comer coa profe, para poder facelo con calma, pois o tempo de clase non nos chega. O material facilitounos información sobre a realidade de moita xente que carece do necesario para vivir con dignidade. Detrás de todo isto estaba sobre todo os efectos do cambio climático, que sempre repercute nos máis pobres.

E chegou a hora de gravar!!! Poucos ensaios nos fixeron falta, porque estabamos concentrados e con moitas gañas. O máis difícil era lograr que o vídeo durase non máis dun minuto, pero conseguímolos!!! E como título puxémoslle: “*O que a algúns lles sobra a demasiados lles falta*”.



A nosa curtametraxe non gañou ningún premio do Concurso, pero dous voluntarios da Delegación de Mans Unidas de Pontevedra tiñeron o detalle de darnos uns agasallos pola participación: un diploma e unhas camisetas. Grazas, Ilda e Eduardo, pola vosa xenerosidade!!!

Seguimos pensando que paga a pena participar nestas actividades, porque nos sensibilizan, axúdannos a cambiar os nosos hábitos de consumo e a facernos cómplices dos que sofren as inxustizas e as consecuencias do cambio climático.

Carla, Andrea P., Mariña, Joel, Celia e Nuria

## DÍA MUNDIAL CONTRA A ESCRAVIDUDE INFANTIL



**Conmemórase o 16 de abril, en memoria de Iqbal Masih.** Iqbal naceu en 1983 en Pakistán e aos 4 anos de idade foi vendido a un fabricante de alfombras, para pagar un préstamo solicitado pola súa familia.

**Na súa infancia traballou como escravo** en varias fábricas, tecendo alfombras durante máis de 12 horas diarias, estando encadeado ao tear e sufrindo maltrato. Estas duras condicións afectaron ao seu crecemento, tendo aos 12 anos a estatura dun neno de 6.

Ao cabo de 5 anos coñeceu a Ehsan Ullah, que loitaba contra a escravitude, tanto de menores como de adultos. Despois de ser rescatado por el viaxou por diferentes lugares do mundo, dando a coñecer a situación laboral e as condicións de escravitude dos menores tecedores de alfombras.

Recibiu numerosos premios pola súa labor, pero a mensaxe de Iqbal molestaba aos que se beneficiaban do traballo infantil. Por iso foi asasinado o 16 de abril de 1995, converténdose nun símbolo contra a escravitude infantil..

Algunhas das frases que máis nos impactaron del foron:


**“Cada neno é un raio de esperanza nun mundo escuro. Debemos protexer a súa luz e permitirlles brillar sen temor ás sombras da escravitude.”**

**“O prezo da liberdade non se mide en moedas, senón na coraxe de aqueles que se atreven a desafiar as cadeas da inxustiza.”**

**“Os nenos deben ter lapis nas mans, non ferramentas!!!”**



*Ehsan Ullah e Iqbal*



*En Salamanca, con estudantes (2023)*

O pakistaní **Ehsan Ullah Khan** leva uns **57 anos liberando escravos** (máis dun millón), entre eles Iqbal. Por denunciar a escravitude infantil estivo no cárcere, sendo ademais ameazado de morte en moitas ocasións.

Tivo que escapar do seu país e agora vive en Suecia. Imparte conferencias por todo o mundo, falando de Iqbal e denunciando a escravitude infantil existente na actualidade, sobre todo na industria téxtil.

Gustounos moito esta frase del:

**“Os meus pais eran bos musulmáns, pero dicíanme que a humanidade é o primeiro.”**

*Carla, Andrea Padín, Mariña e Joel (Alumnado de Relixión de 5º E.P.)*

## MEDIACIÓN

Neste curso 2023-2024 no Colexio de Ponte Sampaio levamos a cabo o **programa de Mediadores/as**, no que participaron os alumnos e alumnas de 5º e 6º de educación primaria, déuselles unha formación onde: comentouse en que consiste a mediación, os seus principios e fundamentos da mediación (como a voluntariedade, o diálogo, a imparcialidade, confidencialidade, a conciliación, a escoita activa...), díxéronselles cales eran os obxectivos da mediación, as súas fases, as funcións das parellas e tríos de mediadores/as, as estratexias que poden usar os mediadores/as e realizáronse diferentes dinámicas co grupo de mediadores/as.

As parellas e tríos de mediadores presentáronse de forma voluntaria e foron por todas as aulas explicando que era a mediación e cales eran as súas funcións como mediadores/as, tamén lles comentaron que estarían dispoñibles cada día da semana unha parella ou trío de mediadores na hora do recreo.

Esta implantación do programa de mediación resultou moi favorable para todos os nenos e nenas do colexio xa que ademais de favorecer unha boa convivencia tamén favoreceulles no desenvolvemento das competencias sociocognitivas, emocionais e morais.




## VISIBILIZANDO A IGUALDADE

Este curso co motivo do proxecto de centro “As Olimpíadas”, e dentro do proxecto CP Iguálate, os nenos e nenas do CEIP de Ponte Sampaio fixeron diferentes actividades como:

### **A Linguaxe de Signos Española (LSE) e os deportes: goalball e boccia.**

Nesta actividade o alumnado de Ed. Primaria fixo un achegamento a LSE, coñecendo o alfabeto en LSE, signando o seu nome e descubrinto que deportes estaban escondidos utilizando este alfabeto. Logo tamén investigaron sobre deportes adaptados como o goalball e a boccia.



### **A conmemoración do 25N con Pepuka e baixo o lema Que non nos quiten o sorriso**

A través do conto de *Pepuka y el moutro que se llevó su sonrisa* e posteriormente actividades de reflexión e realización do mural por parte de todo alumnado do centro, reivindicamos que ninguén nos quite o noso sorriso e as relacións igualitarias e respectuosas.



<http://pt-al-pontesampaio.blogspot.com/2023/11/que-non-nos-quiten-o-sonriso.html>



## Comemoración do Día da discapacidade

Con motivo da celebración do *Día Internacional das persoas con discapacidade*, o CEIP Ponte Sampaio puxo en marcha varias actividades para todo o alumnado. A creación dunha carteleira inclusiva e o visionando diferentes curtametraxes seguidas dunha reflexión posterior. Estas conclusións foron logo recollidas en cada carteleira colocada no corredor do centro.



Tamén como motivo do proxecto deste curso "As Olimpíadas", preparouse un cartel de linguaxe inclusiva no deporte.

Realizáronse obradoiros coa colaboración de COCEMFE, impartidos por persoas que acudiron ao colexio coa súa cadeira de rodas para contar a súa experiencia. Ademais de relatar a súa vivencia persoal fixeron un circuito utilizando as cadeiras de rodas onde o alumnado puido comprobar algunhas das situacións nas que se atopan diariamente estas persoas e empregaron o bastón que utilizan as persoas con discapacidade visual.



<http://pt-al-pontesampaio.blogspot.com/2023/12/o-ceip-ponte-sampaio-coa-discapacidade.html>

### Commemoración Día do chándal

Con motivo desta celebración, moi unida ao proxecto do centro, quixemos destacar o chándal como unha prenda igualitaria entre os deportistas e as deportistas, a súa orixe, evolución...



Ademais de vir todos e todas en chándal e poder ver a exposición, esta actividade completouse coa dinámica Mascotas olímpicas, onde cada curso a través do código QR tiña que completar o pasaporte da súa mascota olímpica (nome, lugar, ano, debuxo).

<http://pt-al-pontesampaio.blogspot.com/2024/01/dia-do-chandal.html>

### Día da Paz: Non pises os meus dereitos

Baixo o lema "Non pises os meus dereitos" os nenos e nenas de Primaria estiveron facendo unhas pescudas moi interesantes. Esta actividade, seguindo o proxecto de centro (Ponte Olimpíadas) consistiu en que cada curso estivo buscando sobre deportistas aos que vulneraron os seus dereitos: James Owens, Alice Coachman, Lili Álvarez, Kathrine Switzer, Michael Jordan, Louise e Tidy Anne, Vinicius JR ou Caster Semenya. Todos os traballos foron expostos no corredor no centro e visitados polas diferentes clases para ver o resultado final. A esta actividade tamén se sumou a lectura do manifesto, o baile *Samba de la Paz* ó redor da Pomba Olímpica, elaborada con material de educación física.



<http://pt-al-pontesampaio.blogspot.com/2024/02/celebracion-do-dia-da-paz-non-pises-os.html>

### Deporte adaptado con Einki

Este curso tamén contamos coa colaboración da asociación *Einki*. Veu ao noso centro a facernos un achegamento ao deporte adaptado, contado a partir de experiencias reais. Logo o alumnado de 4º, 5º e 6º de Ed. Primaria, participaron no Encontro Provincial de Deporte Adaptado, onde puideron practicar diferentes deportes adaptados.



<http://pt-al-pontesampaio.blogspot.com/2024/02/deporte-adaptado-con-enki.html>

## Conmemoración do 8 M e a semana da prensa.

Nesta ocasión relacionamos a semana da prensa co 8 M. Para iso, o alumnado dos cursos máis elevados fixeron unha búsqueda, recollida e análise da prensa sobre as noticias deportivas, analizando que tipo de noticia, deportes, número de aparicións de deportistas masculinos e femininos, tamaño da noticia... atopando curiosas conclusións. Traballo que fomos completando no noso taboleiro especial de noticias.



colaborativa da información atopada.

Por outra banda, para celebrar o 8M baixo o lema *As mulleres podemos chegar a calquera meta* e completar o traballo en prensa, propuxemos ao noso alumnado unha investigación onde todo o cole se mergullou descubriendo as nosas deportistas (Desirée Vila, Saleta Castro, Julia Venedetti, Teresa Portela, María Bernabeu, Nuria Bouza, Susana Rodríguez, Verónica Boquete...), para finalmente facer unha exposición



<http://pt-al-pontesampaio.blogspot.com/2024/04/celebracion-da-semana-da-prensa-e-do-8-m.html>

## Día de concienciación sobre o autismo

Seguindo a Campaña deste ano baixo o lema "máis cerca de lo que crees", dende o CEIP Ponte Sampaio quixemos aportar o noso pequeno gran a crear unha sociedade máis empática e solidaria, para iso fixemos nalgunhas aulas a dinámica "Cóntoche un conto", visionado de curtametraxes e os nosos propios infinitos.



**Actividades en Braille**

Aproveitando os recursos en préstamo da ONCE, organizamos unha pequena exposición sobre o Braille, destacando a súa utilidade, adaptacións no contorno escolar, na nosa vida diaria, así como mulleres artistas que achegaron o braille ao público con discapacidade visual e ao público xeral. Tamén se fixeron actividades de coñecemento do alfabeto braille e relacionándoo con diferentes deportes.

<http://pt-al-pontesampaio.blogspot.com/2024/04/>

**Algunhas das nosas reflexións:**

Reputka 25  
N

Esta actividade foi realizada polo alumnado de 5º e 6º E.P. Nos, dividímonos en parellas e trios e cada un foi a unha clase de infantil ou primaria diferente.

Esta actividade realizouse polo 25N, xa que este conto trata en conto que non te quiten o sorriso, iso quere dicir que ninguén podeche obregar a cambiar a tua forma de ser.

Lo que más me gustó fue participar en la vida de todos

El braille fue la que más me gustó.

Foim unhas actividades moi divertidas e pasamos xeral.  
Descubrimos e aprendim un montón de cousas. Foi maravilloso.

Marina

Les daría un 8 a las actividades

## Achegámonos ao Braille:

Nesta actividade que se estivo facendo fai unhas semanas.  
No noso cole, tivemos material prestado da ONCE, e  
completándonoo con material que fixemos nós, despois  
fixemos unha pequena exposición.  
Eu o valoraría con un 8.

Día mundial de Concienciación do Autismo

Valoración:

1 2 3 4 5 6  8 9 10

Encontro Provincial con En Ki

Valoración

1 2 3 4 5 6  8 9 10

Celebración da Semana da Prensa e do 8M

Valoración

1 2 3 4 5 6  8 9 10

## Watercolour Technique

We also learnt about artistic techniques such as watercolour and English vocabulary related to this.

También aprendemos sobre diferentes técnicas artísticas como el acuarela e vocabulario relacionado con esto.



## Abstract Art: Alexander Calder

In the third term we studied Abstract Art with the American artist Alexander Calder and we adapted it to the school project.

No terceiro trimestre estudamos a Arte Abstracta co artista americano Alexander Calder e adaptámolo ó proxecto da escola.



## Olympic Agamograph

Finally, we practised folding technique and optical illusion by making an agamograph about the Olympic torch and the mascot.



Finalmente, practicamos a técnica de pregado e as ilusións ópticas cun agamograph sobre o facho olímpico e a mascota.



bye bye



CEIP Ponte Sampaio:

Muchas gracias a todos por darme la bienvenida a su clase y hacer que mi experiencia en España sea inolvidable.

Voy a echar de menos a todos.

Thank you ♥  
Bye bye!

Con cariño,  
Abbie







*Día da Paz*

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia



Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega



Ceip de Ponte Sampaio